

ACTA DE APERTURA DO SOBRE C DENOMINADO PROPOSICIÓN ECONÓMICA, CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA DO PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MÁIS VANTAXOSA VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA DOS SERVIZOS DE CONCILIACIÓN BOS DÍAS COLE E TARDES DIVERTIDAS DO CONCELLO DE AMES.

Na Casa Consistorial de Ames sendo as dez horas do día 21 de xullo de 2017, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación dos **SERVIZOS DE CONCILIACIÓN BOS DÍAS COLE E TARDES DIVERTIDAS DO CONCELLO DE AMES.**

ASISTENTES:

Presidenta:

Genma Otero Uhía, Concelleira delegada de Economía e Facenda.

Vogais:

Rosa Ana Prada Queipo, Secretaria municipal.

M. del Carmen Castro Doldan, Interventora accidental municipal.

José Rogelio Pardo Martínez, Xefe do Servizo de Contratación.

Secretaria:

María Isabel Quintáns Rios, Auxiliar Administrativo do Departamento de Contratación

Asiste en representación da empresa licitadora Agora Aberta S.L. Paola Leticia Vignolo Gayero, DNI 46.294.211-H.

Previo lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, a secretaria por indicación do presidente da mesa, procede a dar lectura da puntuación outorgada pola responsable do contrato M. Belén Agrafojo Manteiga, no apartado relativo aos criterios que dependen dun xuízo de valor (documentación do sobre B) e que foi realizada con anterioridade a este acto de apertura, cuxo informe se incorpora como anexo á presente acta.

Dita valoración (puntuada cun máximo de 30 puntos) acadou o seguinte resultado:

Empresa	Puntuación Lote nº 1 Bos Días Cole	Puntuación Lote nº 2 Tardes Divertidas
A Billarda S.L.	26	25
Agora Aberta S.L.	30	30
Hebe Sport S.L.	10	12
Órbita Infantil S.C.	23	20
Serviplus Total S.L.	12	10

O tipo de licitación máximo para estes traballos establece en:

Prezo/hora monitor	14 €uros + IVE 10%
Prezo/almorzo servido	1,20 €uros + IVE 10%
Prezo/merenda servida	1,20 €uros + IVE 10%

A continuación procedese a apertura dos "Sobres C", denominados "Proposición económica. Criterios avaliados de forma automática", que conteñen a proposta formulada polos licitadores para cada un dos lotes, obténdose o seguinte resultado:

EMPRESA	LOTE Nº 1 BOS DÍAS COLE		LOTE Nº 2 TARDES DIVERTIDAS	
	Prezo/hora monitor (mais IVE 10%)	Prezo/almorzo servido (mais IVE 10%)	Prezo/hora monitor (mais IVE 10%)	Prezo/merenda servido (mais IVE 10%)
A Billarda S.L	11,40 €	1,19 €	12,30 €	1,19 €
Agora Aberta S.L.	12,90 €	0,75 €	12,90 €	0,75 €
Hebe Sport S.L.	12,97 €	0,91 €	12,97 €	0,91 €
Órbita Infantil S.C.	13,00 €	1,20 €	12,00 €	1,20 €
Serviplus Total S.L.	11,88 €	1,15 €	11,88 €	1,15 €

A continuación procédese ao calculo da puntuación correspondente á documentación do Sobre C, "Proposición económica. Criterios avaliábles de forma automática" para cada lote.

Outorgarase 30 puntos para cada un dos lotes aos que se presente, obtendo a máxima puntuación o menor prezo unitario ofertado en cada un dos conceptos existentes, de acordo coa fórmula establecida na cláusula 20.5 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares. As restantes ofertas valoraranse de xeito proporcional de acordo coas formulas establecidas nos pregos.

Da puntuación anterior, obtéñese o seguinte resultado:

Lote nº 1.- Bos Días Cole:

	Puntuación/hora monitor	Puntuación/almorzo servido	Puntuación Total
A Billarda S.L	26,00	0,09	26,09
Agora Aberta S.L.	11,00	4,00	15,00
Hebe Sport S.L.	10,00	2,58	12,58
Órbita Infantil S.C.	10,00	0,00	10,00
Serviplus Total S.L.	21,00	0,44	21,44

Lote nº 2.- Tardes Divertidas:

	Puntuación/hora monitor	Puntuación/merenda servido	Puntuación Total
A Billarda S.L	21,00	0,09	21,09
Agora Aberta S.L.	13,00	4,00	17,00
Hebe Sport S.L.	13,00	2,58	15,58
Órbita Infantil S.C.	12,00	0,00	12,00
Serviplus Total S.L.	26,00	0,44	26,44

A continuación, a mesa de contratación de acordo co establecido no artigo 151 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, e do artigo 83 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público, procede a elaborar a proposta da clasificación dos licitadores por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:

Lote nº 1.- Bos Días Cole:

	Puntuación Referencias Técnicas	Puntuación Proposición Económica	Puntuación Total
A Billarda S.L	26,00	26,09	52,09
Agora Aberta S.L.	30,00	15,00	45,00
Serviplus Total S.L.	12,00	21,44	33,44
Órbita Infantil S.C.	23,00	10,00	33,00
Hebe Sport S.L.	10,00	12,58	22,58

Lote nº 2.- Tardes Divertidas:

	Puntuación Referencias Técnicas	Puntuación Proposición Económica	Puntuación Total
Agora Aberta S.L.	30,00	17,00	47,00
A Billarda S.L	25,00	21,09	46,09
Serviplus Total S.L.	10,00	26,44	36,44
Órbita Infantil S.C.	20,00	12,00	32,00
Hebe Sport S.L.	12,00	15,58	27,58

A vista das puntuacións obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes **ACORDA:**

Primeiro.- Trasladar ao órgano de contratación a clasificación de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación para o desenvolvemento dos "Servizos de conciliación laboral e familiar municipal de Bos Días Cole e Tardes Divertidas do Concello de Ames" a:

- Para o Lote nº 1 denominado **Bos Días Cole** dos "Servizos de conciliación laboral e familiar municipal de Bos Días Cole e Tardes Divertidas do Concello de Ames" á empresa **A BILLARDA S.L.**, CIF B-27278845 nos prezos seguintes:

Empresa	Prezo/hora monitor (mais IVE 10%)	Prezo/almorzo servido (mais IVE 10%)
A BILLARDA S.L	11,40 €	1,19 €


Asi como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa licitadora.

- Para o Lote nº 2 denominado **Tardes Divertidas** dos "Servizos de conciliación laboral e familiar municipal de Bos Días Cole e Tardes Divertidas do Concello de Ames" á empresa **AGORA ABERTA S.L.**, CIF B-15942329 nos prezos seguintes:

Empresa	Prezo/hora monitor (mais IVE 10%)	Prezo/almorzo servido (mais IVE 10%)
AGORA ABERTA S.L.	12,90 €	0,75 €

Asi como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa licitadora.

E non habendo máis asuntos que tratar a señora presidenta deu por rematado o acto, sendo as dez horas e trinta minutos minutos do que se expide a presente acta, que en proba de conformidade, asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria das mesa, certifico.



ASUNTO: VALORACIÓN PROPOSTAS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MÁIS VANTAJOSA CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO BOS DÍAS COLE

MARÍA BELÉN AGRAFOJO MANTEIGA, AUXILIAR ADMINISTRATIVA DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS, A PETICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCURSO PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DO SERVIZO DENOMINADO BOS DÍAS COLE E A EFECTOS DE VALORAR AS PROPOSTAS TÉCNICAS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO, EMITE O SEGUINTE INFORME:

No prazo establecido para a presentación de ofertas presentáronse 5 proposicións, concretamente:

A BILLARDA (VITAE), ÁGORA ABERTA SL, HEBE SPORT SL, ÓRBITA INFANTIL SC, SERVIPLUS TOTAL SL

Os criterios recollidos nos pregos de cláusulas administrativas particulares referidas á valoración da calidade do traballo proposto e do resto de referencias técnicas son:

1. A organización e planificación concreta do servizo adaptada a realidade de cada un dos centros escolares do concello . Puntuación máxima 15 puntos.
2. programación pedagóxica do servizo, actividades ofertadas por a empresa. Puntuación máxima 15 puntos

- A BILLARDA - VITAE

Presenta proxecto con cronograma xeral e específico do servizo adaptado a cada un dos centros escolares de Ames, tendo en conta os horarios e as súas particularidades, coñece ben os espazos dispoñibles, e lugares de realización e o traslado de nenos ás actividades extraescolares.

Establece a planificación tanto para os nenos que almorzan como os que non.

En canto a organización do servizo non especifica directamente os agentes participantes no desenvolvemento do programa, empezando por o Concello de Ames como responsable do servizo en primer término, en cambio si fai mención ó longo do proxecto, cando fala por exemplo da coordinación entre o Concello e as coordinadoras do servizo e as familias dos usuarios. Coñece, os lugares e particularidades.

Expon brevemente os riscos existentes e medidas preventivas,

En canto os recursos dispoñibles mención o material, como mellora, un portátil a disposición de cada centro educativo, pero non fala nada dos recursos humanos e as súas características.

En canto a programación pedagóxica, presenta para un curso o 2017/18, detallada a nivel de horarios e actividades por semanas dentro de cada mes e por ciclos infantil e primaria, acorde cos obxetivos xerais e específicos según marca o regulamento de funcionamento do servizo, metodoloxía practica con finalidade educativa e lúdica e pon o énfasis na

incorporación do tratamento da igualdade de xénero. Fala de rotación no desenvolvemento das actividades por mor de nenos que asisten días concretos, para que non lle coincida sempre a mesma actividade.

Sinala tamén no apartado de actividades complementarias o blog

CRITERIO 1	13 PUNTOS
CRITERIO 2	13 PUNTOS
PUNTUACIÓN TOTAL	26 PUNTOS

- AGORA ABERTA SL

Presenta proxecto completo en xeral, con alto grado de detalle en canto a cronoloxía temporal e actividades, adaptadas a cada centro escolar en canto aos lugares de realización e particularidades de funcionamento en si. Diferenciando o cronograma para os nenos que almorzan e os nenos que non almorzan.

Organigrama do servizo ben definido contempla todos os participantes no servizo de bos días cole desde o Concello como máximo responsable da gestión ata as familias dos usuarios.

Especifica os recursos humanos e materiais necesarios para levar a cabo o programa e os protocolos e medidas de seguridade e actuación ante os riscos que poidan surxir e o protocolo para nenos/as con alerxias, intolerancias ou outras enfermidades, e protocolo de accidentes.

Coñece perfectamente o servizo.

Proposta pedagóxica para os dous cursos 17/18 e 18/19 e establece cronograma diario e por centros e en canto a presenta programación semanal e actividades transversais, avaliación e actividades complementarias.

Leva a máxima puntuación por ser un proxecto diferenciador co resto de proxectos presentados.

CRITERIO 1	15 PUNTOS
CRITERIO 2	15 PUNTOS
PUNTUACIÓN TOTAL	30 PUNTOS

- HEBE SPORT SL

Proxecto moi xenérico, non entra en detalle na maioría dos contidos, semella un corta e pega en canto os obxetivos e actividades collidos para calquer concurso en xeral, non especifica para cada centro escolar de Ames, e non ten en conta as particularidades en canto a espazos, e lugares dispoñibles.

So fai mención o regulamento do servizo en canto os obxetivos xerais e a prestación temporal dos traballos, cronograma xeral.

Establece o horario de almorzo as 8:20 da mañá e isto non é factible, pois os nenos que teñan solicitado o almorzo e entren as 7:30 non van a estar unha hora sen tomar alimento.

E o reparto dos nenos para a aula as 9:00 da mañan, en xeral, sen ter en conta os nenos do CEP DE VENTIN ou os nenos do CEIP AGRO DO MUIÑO.

Si fai referencia ao esquema de coordinación no apartado de comunicación e os axentes participantes do servizo.

E si detalla os recursos materiais e humanos.

CRITERIO 1	4 PUNTOS
CRITERIO 2	6 PUNTOS
PUNTUACIÓN TOTAL	10 PUNTOS

- ÓRBITA INFANTIL SC.

Presenta temática para os dous cursos. Obxetivos claros e ben definidos según o regulamento de funcionamento e a metodoloxía a empregar e activa e participativa.

En canto a calidade do servizo e organización presenta cronograma para cada centro escolar de Ames, especifica lugares de realización e horarios particulares dos mesmos e a recollida dos nenos o inicio e a entrega ao finalizar ó servizo.

Cofece perfectamente os horarios e espazos e o regularmento do servizo. Horarios para os nenos que almorzan e os que non.

Enumera os riscos e medidas para cada unha das actividades a realizar pero non especifica como actuar en casos de intolerancias ou alerxias, simple mención.

Non menciona nin relaciona o esquema de coordinación do servizo, non menciona para nada o Concello de Ames como responsable en primer termino do servizo, ni establece como será a comunicación e relación cos demais axentes, solo fala de comunicación coas familias. Da a impresión que o concello non ten nada que organizar en canto ao servizo de bos días cole

Ainda así non menciona nin detalla os recursos materiais e humanos cos que contar para desenvolver o programa.

Proposta pedagóxica para dous cursos, adaptada a cada centro e espazo

Si detalla unha serie de melloras para levar a cabo o servizo como xornada de portas abertas, entrega díptico informativo, reportaxe fotográfico, páxina webb, e colaboración externas...

Con todo o proxecto queda incompleto en algúns apartados.

CRITERIO 1	10 PUNTOS
CRITERIO 2	13 PUNTOS
PUNTUACIÓN TOTAL	23 PUNTOS

- **SERVIPLUS SL.**

Proxecto moi xenérico, sen grado de detalle, sen ter en conta a realidade dos centros escolares de Ames, e os lugares de realización e particularidades dos mesmos, en canto a espazos, lugares de realización e horarios

Presenta organización temporal tipo ca planificación para os nenos que almorzan e os nenos que non almorzan, e resolución de incidencias e emerxencias, tamén fala da avaliación amplamente,

Detalla esquema de coordinación con todos os interesados.

Non reflexa o coñecemento do regulamento do servizo, só o menciona cando fala dos obxetivos xerais, e fai mención, sen moito detalle das actividades a realizar no curso 17/18, con programación de actividades por tres grupos de idades.

CRITERIO 1	6 PUNTOS
CRITERIO 2	6 PUNTOS
PUNTUACIÓN TOTAL	12 PUNTOS

RESULTADO DA VALORACIÓN FINAL.

<i>EMPRESA</i>	<i>CRITERIO 1</i>	<i>CRITERIO 2</i>	<i>PUNTUACIÓN TOTAL</i>
ÁGORA ABERTA SL	15 PUNTOS	15 PUNTOS	30 PUNTOS
A BILLARDA	13 PUNTOS	13 PUNTOS	26 PUNTOS
ÓRBITA SC	10 PUNTOS	13 PUNTOS	23 PUNTOS
SERVI PLUS SL	6 PUNTOS	6 PUNTOS	12 PUNTOS
HEBE SPORT SL	4 PUNTOS	6 PUNTOS	10 PUNTOS

En Ames a 14 de xullo de 2017



María Belén Agrafojo Manteiga.

ASUNTO: VALORACIÓN PROPOSTAS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MÁIS VANTAJOSA CON VARIOS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN DO SERVIZO TARDES DIVERTIDAS.

MARÍA BELÉN AGRAFOJO MANTEIGA, AUXILIAR ADMINISTRATIVA DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS, A PETICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCURSO PARA A ADJUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DO SERVIZO DENOMINADO TARDES DIVERTIDAS E A EFECTOS DE VALORAR AS PROPOSTAS TÉCNICAS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO, EMITE O SEGUINTE INFORME:

No prazo establecido para a presentación de ofertas presentáronse 5 proposicións, concretamente: A BILLARDA (VITAE), AGORA ABERTA SL, HEBE SPORT SL, ORBITA INFANTIL SC, SERVIPLUS TOTAL SL

Os criterios recollidos nos pregos de cláusulas administrativas particulares referidas á valoración da calidade do traballo proposto e do resto de referencias técnicas son:

1. A organización e planificación concreta do servizo adaptada a realidade de cada un dos centros escolares do concello . Puntuación máxima 15 puntos.
2. Programación pedagóxica do servizo, actividades ofertadas por a empresa. Puntuación máxima 15 puntos

Antes de empezar a valorar, unha pequena puntualización co respecto aos proxectos presentados, e o servizo en si . E un servizo de duración longa, estamos a falar de casi 4 horas e media, enton a exigencia no contido do proxecto e proposta pedagóxica ten que ser maior, debido as particularidades dos centros, os lugares de entrega e realización e por suposto esta a dificultade para poder coordinar cas outras actividades extraescolares que realiza cada centro, e que moitas veces se solapan.

Tamén decir, que na maioría dos proxectos a veces hai confusión pois o presentar o mesmo tempo o lote de bos días, notase que nalguns casos e un corta e pega, de un proxecto para outro sen revisar.

- A BILLARDA - VITAE

Presenta proxecto con cronograma xeral e específico do servizo adaptado a cada un dos centros escolares de ames, tendo en conta os horarios e as suas particularidades, coñecedor dos espazos dispoñibles, e lugares de realización e o traslado de nenos as actividades extraescolares.

Da por suposto que todos os nenos merendan, non menciona que fan os nenos que non merendan, no horario de merendas.

En canto a organización do servizo non especifica directamente os agentes participantes no desenvolvemento do programa, empezando por o concello de ames como responsable do

servizo en primer término si fai mencion ó longo do proxecto, da coordinación entre o concello e as coordinadoras do servizo e as familias dos usuarios.

Expon brevemente os riscos existentes e medidas preventivas,

En canto os recursos dispoñibles mención o material, como mellora, un portátil a disposición de cada centro educativo, pero non fala nada dos recursos humanos e as súas características.

En canto a programación pedagóxica, presenta para un curso o 2017/18, detallada a nivel de horarios e actividades por semanas dentro de cada mes e por ciclos infantil e primaria, acorde cos obxetivos xerais e específicos según marca o regulamento de funcionamento do servizo, metodoloxía práctica con finalidade educativa e lúdica, incorpora o tratamento da igualdade de xenero.

Sinala tamén actividades complementarias como blog, actividades especiais ou saídas trimestrales.

CRITERIO 1	12 PUNTOS
CRITERIO 2	13 PUNTOS
PUNTUACIÓN TOTAL	25 PUNTOS

- AGORA ABERTA SL

Presenta proxecto completo en xeral, con alto grado de detalle en canto a cronoloxía temporal e actividades, adaptadas a cada centro escolar en canto ós lugares de realización e particularidades de funcionamento en si.

Organigrama do servizo ben definido contempla todos os participantes no servizo de tardes divertidas, desde o concello como máximo responsable da gestión ata as familias dos usuarios.

Especifica os recursos humanos e materiais necesarios para levar a cabo o programa e os protocolos e medidas de seguridade e actuación ante os riscos que poidan surxir e o protocolo para nenos/as con alerxias, intolerancias ou outras enfermidades, e protocolo de accidentes.

Coñece perfectamente o servizo.

Proposta pedagóxica para os dous cursos 17/18 e 18/19 e establece cronograma diario e por centros e en canto a presenta programación semanal e actividades transversais, avaliación e actividades complementarias.

Leva a máxima valoración por ser un proxecto diferenciador co resto de proxectos presentados.

CRITERIO 1	15 PUNTOS
CRITERIO 2	15 PUNTOS
PUNTUACIÓN TOTAL	30 PUNTOS

- HEBE SPORT SL

Proxecto moi xenérico, non entra en detalle na maioría dos contidos, semella un corta e pega en canto os obxetivos e actividades collidos para calquer concurso en xeral, non especifica para cada centro escolar de Ames, e non ten en conta as particularidades, non fala de espazos e lugares dispoñibles, nin adapta a temática.

So fai mención o regulamento do servizo en canto os obxetivos xerais e a prestación temporal dos traballos, cronograma xeral

Si fai referencia ao esquema de coordinación no apartado de comunicación.

E si detalla os recursos materiais e humanos a empregar.

CRITERIO 1	6 PUNTOS
CRITERIO 2	6 PUNTOS
PUNTUACIÓN TOTAL	12 PUNTOS

- ÓRBITA INFANTIL SC.

Presenta temática para os dous cursos. Obxetivos claros e ben definidos según o regulamento de funcionamento e a metodoloxía a empregar e activa e participativa.

Da por suposto que todos os nenos merendan, non menciona que fan os nenos que non merendan, no horario de merendas.

En canto a calidade do servizo e organización presenta cronograma para cada centro escolar de Ames, especifica lugares de realización e particularidades dos mesmos

Cofece perfectamente os horarios e espazos e o regulamento do servizo.

Enumera simplemente os riscos e medidas para cada unha das actividades a realizar.

Non menciona nin relaciona o esquema de coordinación do servizo, non menciona para nada o Concello de Ames como responsable en primer término do Concello, ni establece como sera a comunicación, fala si en cambio de comunicación coas familias, a través de varios medios. Da a impresión de que o Concello no interven na organización e gestión do servizo

Non menciona nin detalla os recursos materiais e humanos cos que contar para desenvolver o programa.

Si detalla unha serie de melloras para levar a cabo o servizo como xornada de portas abertas, entrega diptico informativo, reportaxe fotográfico, páxina webb, e colaboración externas...

CRITERIO 1	10 PUNTOS
CRITERIO 2	10 PUNTOS
PUNTUACIÓN TOTAL	20 PUNTOS

- SERVIPLUS SL.

Proxecto moi xenérico, sen grado de detalle, sen ter en conta a realidade dos centros escolares de ames, e os lugares de realización e particularidades dos mesmos para levar a cabo o servizo con normalidade, non adapta tampouco a tematica aos centros.

Presenta organización temporal tipo, e resolución de incidencias e emerxencias, si fala de avaliación,

Non reflexa o coñecemento do regulamento do servizo, so o menciona cando fala dos obxetivos xerais, e fai mención as actividades a realizar no curso 17/18, con programación de actividades por tres grupos de edades

CRITERIO 1	5 PUNTOS
CRITERIO 2	5 PUNTOS
PUNTUACIÓN TOTAL	10 PUNTOS

RESULTADO DA VALORACIÓN FINAL.

<i>EMPRESA</i>	<i>CRITERIO 1</i>	<i>CRITERIO 2</i>	<i>PUNTUACIÓN TOTAL</i>
ÁGORA ABERTA SL	15 PUNTOS	15 PUNTOS	30 PUNTOS
A BILLARDA	12 PUNTOS	12 PUNTOS	25 PUNTOS
ÓRBITA SC	10 PUNTOS	10 PUNTOS	20 PUNTOS
HEBE SPORT SL	6 PUNTOS	6 PUNTOS	12 PUNTOS
SERVI PLUS SL	5 PUNTOS	5 PUNTOS	10 PUNTOS

En Ames a 14 de xullo de 2017



Maria Belén Agrafojo Manteiga.

